

INVITACIÓN Á FILOSOFÍA DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA (2º Bach.)

Esta asignatura ten como obxectivo básico centrar, estender e profundizar a reflexión filosófica iniciada en 1º de Bach. sobre algunhas cuestións tales como :

- que é o coñecemento?; cal é a súa orixe e os seus límites?;
- que é a verdade?; podemos chegar a alcanzala?;
- que é a ciencia e como podemos definila? (ciencia e “falsa ciencia”);
- que son a técnica e a tecnoloxía?;
- como foron evolucionando a ciencia, a técnica e a tecnoloxía ao longo da historia humana e como modificaron, modifican e poderán chegar a modificar a vida da nosa especie?;
- que é o progreso e cales son os seus límites?;
- cal é o impacto medioambiental e social do actual desenvolvemento tecnocientífico (que problemas xenera e cales poden as solucións);
- poden/deben os cidadáns exercer algún tipo de control sobre o avance científico e tecnolóxico?

O desenvolvemento da asignatura require o estudo dunha serie de conceptos teóricos pero terá sobre todo un *carácter eminentemente práctico* a partir:

- da elaboración dun *blogue* (<http://arquimedesenourense0910.blogspot.com>);
- da *lectura e comentario de libros* e a súa exposición no blogue do *clube de lectura* da asignatura: <http://aiptolomeotolomeu.blogspot.com>;
- da *exposición e debate de traballos* sobre as distintas temáticas da asignatura;
- da *realización de entrevistas* a distintas personalidades relevantes sobre algunha das cuestións tratadas na asignatura.

Como exemplo do tipo de actividades que desenvolvemos na asignatura, recomendámosvos acudades aos blogues arriba indicados.

En definitiva, trátase de que consigades:

- unha maior madurez, claridade e precisión na análise das cuestións referidas aos problemas que teñen que ver coa ciencia e coa tecnoloxía nas sociedades actuais;
- unha máis profunda comprensión desa realidade a través da lectura e comentario de textos así como a partir do visionado de vídeos que aborden esas cuestións;
- unha maior capacidade á hora de compoñer textos que expresen coherentemente e de maneira clara e esquemática o resultado do voso traballo de comprensión e reflexión sobre os problemas tratados;
- unha máis aguda valoración crítica da complexidade dos beneficios e dos prexuízos das nosas sociedades cun alto grao de desenvolvemento tecnocientífico;
- unha decidida actitude crítica fronte ás explicacións pseudocientíficas.